

A GRANXA SC LAS VIADAS ROBOTIZA O MUXIDO CON LELY

Nesta gandería palentina traballan desde mediados de marzo con catro robots Astronaut A4 nos que moxen 260 vacas, se ben as dúas primeiras unidades xa levan funcionando desde o mes de xuño do ano pasado. Falamos cun dos seus propietarios, Jesús, que nos conta a súa experiencia co novo sistema.



Jesús Santos (dereita),
copropietario da granxa, e
Gabriel Rodríguez, do Lely
Center de Saldaña



A media de muxidos vaca/día é de 3,1

A granxa SC Las Viadas está situada en Villarrobejo, no municipio de Santervás de la Vega (Palencia), e é propiedade dos irmáns Jesús e Juan Benjamín Santos Fernández. Os actuais donos fixéronse cargo do negocio familiar que antes foi do seu pai e anteriormente do seu avó.

Na actualidade moxen 260 vacas frisonas que forman parte dun rabaño total de 450 animais. Do seu coidado encárganse Jesús e Juan Benjamín coa axuda de tres empregados, que tamén se ocupan dos labores do campo.

Dispoñen de 310 hectáreas, 66 de regadío e o resto de secaño, nas que cultivan raigrás e cereal que serven de base para a alimentación dos animais.

O leite véndenllo á empresa Lactoduero —da que é copropietario Jesús— a un prezo que na última campaña ascendeu a 0,315 €/kg + 6 céntimos de dobre A.

Despois de moitos anos muxindo en sala, en xuño do ano pasado instalaron dous robots Lely Astronaut A4 e, á vista dos bos resultados, a mediados de marzo deste ano colocaron dúas unidades máis.

A característica máis distintiva deste modelo é a entrada e saída das vacas do box de muxido en liña recta, o que resulta nun maior confort para elas.

Así mesmo, o Astronaut A4 inclúe unha cámara 3D situada enriba do animal que é capaz de ler o seu contorno e medir as distancias ao cerramento do box para conectarlle o ubre dun modo máis eficiente.

DA SALA AO ROBOT

O que principalmente os levou a dar o paso da sala ao robot foi a escaseza de man de obra. Comenta Jesús que é moi difícil atopar traballadores de aquí para empregarse neste sector e que os estranxeiros non son constantes, polo que consideraron unha opción máis rendible poñer robots e así non depender tanto da man de obra contratada.

EXPERIENCIA CO MUXIDO ROBOTIZADO

“O cambio foi mellor do que eu esperaba. En 15 días estaba a cousa máis ou menos *hilvanada*, os animais adaptáronse fenomenal”, explica compracido o empresario palentino. Tamén destaca que “o robot detecta os problemas moito antes que as persoas”, co cal “estando un pouco atentos á información que che dá adiántaste ás cousas que lles van pasar aos animais”.

A media de produción actual é de 36,3 litros por vaca e día. “Nos dous primeiros robots aumentamos entre 2,7 e 3 litros, máis ou menos; as outras aumentaron menos porque aínda están en período de adaptación, pero eu supoño que en tres ou catro meses chegaremos a 37-38 litros e iremos subindo aos poucos, que é do que se trata”, prevé Jesús. A media de muxidos/día está en 3,1.

Os animais organízanse en tres lotes que por agora son aleatorios: dous de 65 vacas co seu respectivo robot e o terceiro, de 130, coas outras dúas unidades ás que as vacas poden acceder indistintamente.

No entanto, unha vez que estean perfectamente adaptadas, a intención de Jesús é agrupar as que teñen algún problema (atrasos, xovencas ás que lles custa entrar etc.) nun único robot, de forma que o resto poida estar máis tranquilo.

ALIMENTACIÓN

A ración das vacas de leite leva 7,5 kg de alfalfa, 3,5 kg de *pastone*, 3 kg de concentrado, 6 kg de polpa de remolacha fresca, 4 kg de *cebadilla* e 12 kg de silo de millo.

A única variación que sufriu co cambio ao muxido robotizado foi a redución da cantidade de concentrado, xa que agora unha parte dánllela no robot, unha media de 5 kg cun 17 % de proteína. “Notei que os animais están máis igualados, non hai vacas máis gordas e vacas máis delgadas, xa que comen en función do leite que producen, entón regúlanse máis; e o que tamén vin no tempo que estivemos cos dous sistemas é que as que estaban comendo o concentrado no robot quedaban moito mellor preñadas que as da sala”, asegura Jesús.



Os colares Lely Qwes detectan celos e monitorizan o tempo de ruminación



As vacas deste lote poden entrar indistintamente aos dous robots

MELLORA DO TRABALLO E DA CALIDADE DE VIDA

Así resume o copropietario de Las Viadas o que supuxo o cambio ao muxido robotizado: “Vés á granxa e as vacas xa están muxidas, pode haber dúas ou tres en cada lote que estean atrasadas, arrímalas e logo a facer patas, a inseminar, a coidar os tenreiros, a encamar e a arranxar os cubículos, que é o que hai que facer”.

Manifesta que a súa calidade de vida mellorou moito, que a xornada laboral se reduciu e que é máis flexible: “Antes íámonos de aquí pasadas as dez da noite e agora ás nove xa estamos na casa; e pola mañá vés tranquilo, porque as vacas xa están muxidas. Só hai que estar un pouco máis ao conto por se te chama o robot, pero chama moi poucas veces...”.

FONTE DE DATOS

Outro aspecto no que notaron unha gran melloría ten que ver co maior control do rabaño grazas á gran cantidade de datos que lles achega o robot e ao programa de xestión T4C de Lely.

Jesús subliña a información que obteñen a través dos colares de identificación, que detectan os celos cunha fiabilidade do 99,99 % e monitorizan a ruminación, moi importante para anticiparse a calquera problema de saúde que poida xurdir. Tamén salienta o contador de células somáticas *on-line* e a ferramenta de medición da condutividade do leite para prever as mamites.

Cabe destacar, ademais, que o Astronaut A4 instalado en Las Viadas separa o leite en canto a máquina detecta que non é apto para enviar á central. “É un proceso automático, despois de cada separación o robot fai un lavado local soamente do que é a xerra e os condutos para evitar contaxios entre un leite e outro”, explica Gabriel Rodríguez, do Lely Center de Saldaña.

OUTRAS SOLUCIÓNS LELY EN LAS VIADAS

Á parte dos catro Astronaut A4 e dos colares Lely Qwes, nesta granxa palentina teñen xa comprados —á espera de ser instalados— dous tanques Lely Nautilus de 15.000 litros cada un, unha estación de alimentación Lely Cosmix para que tanto xovens como vacas de parto coman alí o penso e se afagan á inminente incorporación ao robot e 4 cepillos Lely Luna, que melloran o confort das vacas ao cepillarlles a pel, estimular a circulación do sangue e eliminar a sucidade.

SATISFACCIÓN CO SOPORTE TÉCNICO

“Agora mesmo dependemos totalmente dos robots e quen os controla é a xente de Lely”, reflexiona Jesús. No entanto, a proximidade do Lely Center á explotación e a profesionalidade do servizo técnico fan que estes gandeiros palentinos se atopen totalmente satisfeitos coa asistencia recibida tanto durante a posta en marcha dos robots como a posteriori. “Un día tivemos un problema ás dúas da mañá e ás dúas e cuarto o técnico estaba na granxa, así que por agora o resultado é bo”, asegura.

LELY EN CASTELA E LEÓN

Gabriel Rodríguez, do Lely Center de Saldaña, reafirma as palabras de Jesús en canto ao que as ganderías castelás buscan co muxido robotizado: contrarrestar a falta de man de obra cualificada e ter un maior control do rabaño para ser máis eficientes.

Na actualidade, nesta comunidade autónoma un total de 52 granxas confían no muxido robotizado de Lely. Este número tradúcese en 101 unidades instaladas, das que 30 están en Palencia. Precisamente, é nesta provincia na que hai un maior número de ganderías con catro robots ou máis.

Conta Gabriel que o ano pasado bateron todos os récores de vendas desde que saíu ao mercado o modelo Astronaut A5 e que agora mesmo xa teñen outros 20 para instalar, polo que esperan alcanzar unha nova marca este ano. Maior eficiencia enerxética, fiabilidade, capacidade e facilidade de uso son algúns dos alicientes do novo robot.

O representante de Lely na zona norte de Castela e León engade que o muxido robotizado se adapta tanto a ganderías pequenas e medianas como a ganderías grandes, e lembra a existencia do departamento de asesoramento Dairy XL de Lely para granxas de máis de 500 vacas que desexan automatizarse e producir a maior cantidade de leite da máxima calidade e da forma máis eficiente posible. ■



Reportaxe,
jen vídeo!